



PREMIOS MIL
PRIMAVERAS

ACTA DO XURADO DOS IV PREMIOS MIL PRIMAVERAS A PROXECTOS DE POSTA EN VALOR E FOMENTO DO GALEGO

Lugar: en liña a través da plataforma Jitsi Meet

Data: 31 de marzo de 2023

Hora de comezo: 17.00 h

Hora de remate: 18.00 h

Membros do xurado:

- Manuel Reyes Villar, redactor-corrector da Deputación de Pontevedra e vogal da CTNL, como presidente,
- Noemí García Rodríguez, docente e responsable dos proxectos *Dicionario galego para boomers* e *Media Laranxa* (premiados na edición de 2021),
- Carlos García Vieito, responsable de comunicación d'A Mesa e promotor dos proxectos *Twitter en galego* e *Instagram en galego* (premiados na edición de 2021),
- Dores Sánchez Alegre, técnica de normalización lingüística da Deputación Provincial da Coruña, e
- Gabriel Fuentes Míguez, xornalista na CRTVG.

Intervén como secretaria do xurado Anxos Sobriño Pérez, presidenta da CTNL, con voz e sen voto.

Como indican as bases dos IV Premios Mil Primavera a proxectos de posta en valor e fomento do galego (2022), promovidos pola Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) coa finalidade de **recoñecer e difundir accións, campañas, programas e proxectos que teñen como obxectivo principal a valorización e o fomento da lingua e a procura do incremento do seu uso e/ou prestixio**, o xurado reúnese para recoñecer un máximo de **catro accións, campañas, programas ou proxectos**, sen establecer ningunha xerarquía entre os premios que se outorguen, de acordo cos seguintes criterios:

- A calidade da **planificación** do proxecto, coa axeitada determinación de **obxectivos, destinatarios/as, accións, necesidades e recursos, temporalización** etc.
- A **execución e desenvolvemento** adecuado das medidas e actuacións.
- A **innovación** do proxecto, a capacidade de **incidencia** e o **impacto** positivo para a lingua.
- A calidade e atractividade da **comunicación, deseño, imaxe, materiais**, etc.
- A axeitada **avaliación**.
- A **eficiencia** do proxecto.

Logo de avaliar as 35 propostas presentadas e das deliberacións pertinentes, o xurado decide conceder os seguintes premios:

- **Asociación Faladoiros Vigo (Asociación Faladoiros Vigo)**

É un proxecto que axuda a crear ámbitos de uso informais en galego, tan necesarios en contextos urbanos, e dota as persoas destinatarias de espazos para favorecer a súa confianza como falantes. Tamén se valorou que é unha iniciativa que parte da propia sociedade, autoxestionada e que pode ser un exemplo para outras realidades.

- **Caranvexo TV (SNL do Concello de Moaña)**

O xurado destacou que é un proxecto fresco que promove o uso oral da lingua entre a infancia e a mocidade nun contexto educativo, creativo e divertido. É ademais un exemplo da colaboración entre un SNL local e a comunidade educativa nunha actividade colectiva con obxectivos comúns, que demostra capacidade de coordinación e crea vínculos a través do idioma.

- **Laboratorio de Apoderamento Lingüístico (Rexenerando, S. Coop. Galega)**

É un proxecto que fomenta a participación para crear comunidade lingüística por medio da reflexión e o debate. Unha das súas potencialidades é que aborda o conflito lingüístico dun xeito innovador para activar falantes entre iguais. Outro dos seus valores é que naceu como proxecto piloto que se pode espallar por moitos centros educativos.

- **Na Utopía (Na Utopía)**

É unha ferramenta asemade formativa e normalizadora en moi diferentes ámbitos. Tamén destaca pola súa innovación e por cubrir un nicho de mercado presente con proxección de futuro. O xurado salientou ademais a calidade dos contidos, da imaxe e da comunicación e o feito de asociar a aprendizaxe co lecer.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente dá por finalizada a reunión e eu, como secretaria, redacto esta acta.

A secretaria

O presidente

Anexo: bases dos IV Premios Mil Primaveras a proxectos de posta en valor e fomento do galego (2022)